

DOMINGO 20 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Xer 38, 4-6. 8-10

Fixéchesme varón de discordia en toda a terra (Xer 15, 10)

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Daquela as autoridades dixéronlle ao rei:

- Fágase morrer a este home, pois deste xeito está a afrouxar os ánimos dos homes de guerra que quedan nesta cidade e os ánimos de todo o exército, dicíndolles cousas coma estas. Certamente este home non está a buscar o benestar para o pobo, senón que está a buscar a súa desgraza.

O rei Sedecías repúxolles:

- Aí o tendes no voso poder, pois o rei non pode nada contra vós.

Eles colleron a Xeremías e botárono na cisterna de Malaquías, príncipe real que estaba no patio da garda, baixando a Xeremías con cordas. No pozo non había auga, senón lama, e Xeremías enterrouse na lama.

Saíu Ébed-Mélec do palacio real e faloulle ao rei nestes termos:

- Meu señor, meu rei, estes homes cometeron unha inxustiza con todo o que lle fixeron a Xeremías, o profeta, e con botalo na cisterna; vai morrer onde está por falta de pan, xa que non hai pan na cidade.

Entón o rei deulle esta orde a Ébed-Mélec, o etíope:

- Colle ás túas ordes tres homes destes, e sube da cisterna ao profeta Xeremías, antes de que morra.

SALMO RESPONSRIAL Sal 39, 2. 3. 4. 18

R/ (14b): Corre, Señor, a axudarme.

Esperar, eu espero no Señor:

El vólvese para min e escoita o meu lamento.

Tírame do pozo burbullante,
da poza lamacentas;
ergue os meus pés sobre a rocha
e afirma os meus pasos.

Ponme na boca un cantar novo,
louvanza do noso Deus.
Ao velo, moitos temerán
e confiarán no Señor.

Eu son humilde e pobre,
pero o Señor coida de min.
Ti es a miña rocha, o meu liberador:
meu Deus, non te demores.

SEGUNDA Heb 12, 1-4

Corramos con aguante a carreira que temos por diante

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Xa que nos vemos cercados arredor por unha tal nube de testemuñas, deixando enteiramente a un lado todo o que nos estorba e o pecado que tan facilmente se nos apega, corramos con aguante a carreira que temos por diante, co ollo posto en Xesús, o primeiro guía que leva á perfección a nosa fe.

Porque el, sen lles dar importancia ás aldraxes, soportou a cruz por mor da ledicia que o agardaba e desde entón está sentado á dereita do trono de Deus. Meditade, polo tanto, naquel que veu soportando tal oposición contra si mesmo de parte dos pecadores para non esmorecerdes nin cansardes.

Aínda non resististes ata o sangue na vosa loita contra o pecado.

ALELUIA Xn 10, 27:

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor; e eu coñézoas e elas séguenme

DOMINGO 20 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 12, 49-53

Non vin traer paz senón discordia

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

- ¡Lume vin traer á terra: e que máis quería eu ca que xa estivese a arder! Hanme bautizar cun bautismo e ¡xa me tarda a hora de que se cumpra! Pensades que vin traer a paz á terra? Abofé que non: vin traer división. Pois desde agora na casa onde haxa cinco, estarán divididos tres contra dous e dous contra tres. Estarán enfrontados pai con fillo e fillo con pai, nai con filla e filla con nai, sogra con nora e nora con sogra.